

RESUMO DE CONTIDOS

Anda o tempo revolto

Música e Danza |
6º EP



Índice

1. Pingas de chuva feble.....	2
1.1. A frauta.....	2
1.2. Sabías que...?.....	2
1.3. O Barroco.....	3
2. Ruxe a tormenta.....	4
2.1. O piano por bandeira.....	4
2.2. Un coello moi musical.....	4
2.3. O Romanticismo.....	4
3. Agardando un chubasco.....	6
3.1. O Clasicismo.....	6
4. Zoa o vento.....	7
4.1. O Renacemento.....	7
5. Brétema.....	8
5.1. Idade Media.....	8
6. Asoma o arco da vella.....	9
6.1. A música do S.XX.....	9

1. Pingas de chuva feble

1.1. A frauta

No Barroco existían dous tipos de frauta principalmente.

1.1.1. A frauta doce ou frauta de pico:

- É a máis coñecida do Barroco. Daquela coñecía-se simplemente co nome de frauta ou flauto.
- Tócase soprando directamente polo pico, de aí o seu nome.
- Está feita de madeira e ten un son suave, doce e cálido.
- Había frautas doces de diferentes tamaños:
- Soprano (a máis pequena e aguda)
- Contralto (moi usada no Barroco)
- Tenor e Baixo (as máis grandes e graves)
- Foi moi usada por compositores como G.P. Telemann, J.S. Bach ou H. Purcell.

1.1.2. A frauta traveseira:

- Coñecía-se co nome de traverso e foi antecesora da frauta traveseira moderna.
- Tócase de lado, soprando por un burato lateral.
- Tamén estaba feita de madeira, con só unha chave metálica (a actual ten moitas máis).
- Durante o Barroco empezou a usarse cada vez máis, sobre todo nos últimos anos do período.

1.1.3. No Barroco:

- A frauta tivo un papel moi destacado neste período.
- Usábase tanto nas cortes dos reis como nas festas e concertos.
- Moitos compositores escribiron música especialmente para ela.
- Era considerada un instrumento importante e expresivo, capaz de transmitir con facilidade as emocións.

1.2. Sabías que...?

Sabías que a frauta é un dos instrumentos máis antigos do mundo? Téñense atopado algúns achados con máis de 40.000 anos!

En Eslovenia encontrouse un óso con furados que ata o de agora é a frauta máis antiga que se coñece, e crese que a usaban os neandertais para facer música.

1.3. O Barroco

O Barroco desenvolveuse entre os anos 1600 e 1750. A música volveuse máis rica e expresiva empregando elementos como melodías ornamentadas (cheas de adornos) e grandes contrastes, tanto dinámicos como agónicos.

Apareceron novas formas musicais como:

- Concerto: diálogo entre solista e orquestra
- Sonata: obra para un grupo reducido de instrumentos
- Suite: conxunto de danzas
- Fuga: peza na que as voces se imitan unha melodía principal.
- Ópera: obra dramática con música, canto e escena.

Nesta época a música estaba ao servizo da Igrexa e das cortes (reis e nobres), que eran os que tiñan o poder e encargaban a música.

1.3.1. Contexto social

O Barroco foi unha época de grandes cambios no mundo:

- As potencias europeas (España, Francia, Portugal ou Inglaterra) expandían os seus imperios por América, África e Asia.
- A sociedade estaba dividida en estamentos: a nobreza e o clero tiñan privilexios, mentres que o pobo traballador non tiña apenas dereitos.
- A Igrexa Católica tiña moito poder e empregaba a arte e a música para impresionar e transmitir as súas ideas.

Nas artes buscábase chamar a atención, impresionar e emocionar:

- Escultura: poses intensas, dramáticas e con profundidade.
- Pintura: con moitos detalles e xogos de luces.
- Arquitectura: igrexas e palacios con moita decoración. Fachadas e cúpulas espectaculares.
- Literatura: o Século de ouro en España. Destacan Miguel de Cervantes ou Lope de Vega.

1.3.2. Compositores

- **Alemaña:** Johann Sebastian Bach e George Frideric Handel
- **Italia:** Antonio Lucio Vivaldi, Claudio Monteverdi e Guiuseppe Domenico Scarlatti
- **España:** Juan Hidalgo de Polanco e Sebastián Durón Picazo

2. Ruxe a tormenta

2.1. O piano por bandeira

Tes que saber que neste período de tormentas o piano convertiuse no instrumento imprescindible para expresar as emocións e as paixóns máis profundas, tanto na vida doméstica coma nos grandes teatros.

O piano perfeccionouse e pasou a formar parte da vida cotiá dos fogares das clases medias. Saber tocar o piano era sinal de cultura e refinamento. As mulleres, principalmente, recibían clases para posteriormente poder amenizar veladas organizadas nas súas casas.

O piano convertiuse no instrumento solista por excelencia e moitas das composicións da época foron feitas para el. Nocturnos, preludios, estudos, concertos; todo un abano de xéneros en aras da sensibilidade.

Polo tanto si hai un instrumento símbolo do Romanticismo este é o piano.

2.2. Un coello moi musical

Unha das principais diversións da clase media no Romanticismo foi a ópera. As representacións eran puntos de encontro e incluso momentos para facer negocios. Construíronse teatros por toda Europa.

En Italia cultivouse o Bel canto onde os intérpretes, a través do seu virtuosismo vocal, facían chegar un grandioso abano de emocións vividas polos seus personaxes. Ditos intérpretes eran admirados e seguidos pola sociedade do momento (divos e divas).

Tal é o caso de O barbeiro de Sevilla considerada a mellor comedia das comedias de todas as óperas escritas. Nela, unha parella de namorados contan coa axuda de Fígaro, un peculiar barbeiro sevillano que non ten desperdicio.

No Romanticismo o piano chegou a moitos dos fogares da época, sendo un dos instrumentos nos que máis se cultivou o virtuosismo interpretativo.

2.3. O Romanticismo

A música do Romanticismo persegue principalmente a expresión das emocións dun xeito intenso.

A natureza, a lúa, os mitos, a maxia, os sonos, a felicidade e o amor foron as principais fontes de inspiración.

A música caracterízase por:

- unha maior liberdade na estrutura das formas musicais.
- as melodías tórnanse máis cantables con disonancias e cambios de tono enriquecendo a harmonía.
- a orquestra medra e con ela o protagonismo da sección de vento.
- o piano ten un papel destacado nas composicións, aparecen os primeiros intérpretes virtuosos.
- a conexión con outras artes, especialmente coa literatura, dan lugar a novas composicións como a música programática ou os poemas sinfónicos.

2.3.1. Contexto social

O Romanticismo emerxe nun momento de profundos cambios en Europa e cuestiona o poder da razón fronte á intuición e as emocións individuais.

A liberdade, igualdade e fraternidade da revolución francesa levan consigo a defendada soberanía popular. O poder reside no pobo, que o exerce a través dos seus representantes elixidos por sufraxio universal.

As clases medias teñen un maior acceso á formación.

Dentro das artes destaca a literatura con figuras universais das letras como:

- Lord Byron (Gran Bretaña)
- Goethe (Alemaña)
- Víctor Hugo (Francia)

En España destacan:

- José de Espronceda, Gustavo Adolfo Bécquer e José Zorrilla

2.3.2. Compositores

A produción musical no Romanticismo foi moi extensa sendo un dos repertorios máis interpretados e cun grande número de compositores.

Algúns deles foron:

- **Austria:** Ludwig van Beethoven
- **Francia:** Héctor Berlioz
- **Polonia:** Frédéric Chopin
- **Hungría:** Franz Liszt

- **Alemaña:** Richard Wagner e Johannes Brahms
- **Italia:** Giuseppe Verdi e Gioachino Rossini

3. Agardando un chubasco

3.1. O Clasicismo

A expresión "música clásica" adoita empregarse para a música culta en contraposición á "música popular". Pero realmente por música clásica enténdese a música do período clásico que vai desde 1730 a 1810 coñecido tamén como Clasicismo.

Características da música deste período:

- Melodías claras e acompañamentos máis sinxelos que no Barroco.
- Outórgaselle máis importancia á expresividade á beleza.
- Configúrase a sonata (ABA) como a forma musical máis empregada.
- A orquestra nacida no período anterior da máis autonomía ao vento e adoita unha configuración formal. Medra a importancia da música instrumental (sonatas, sinfonías e concertos).
- O piano substitúe ao clavicémbalo.
- Na música vocal segue a cultivarse á Misa e a Ópera.

3.1.1. Contexto social

A Ilustración é un movemento intelectual promovido pola burguesía que se basa na razón e na experiencia.

Publícase a Enciclopedia para recopilar e difundir todos os saberes.

Ao aumentar o coñecemento o pensamento dos pobos tamén evolucionan dando lugar a tres grandes revolucións:

- A revolución industrial en Gran Bretaña
- A independencia dos Estados Unidos
- A revolución francesa

Créase unha nova forma de goberno fronte ás monarquías: a república.

O poder da igrexa pasa a un segundo plano.

Nas artes dúas correntes: o rococó (delicado, elegante e sentimental) e o neoclasicismo (regreso ao mundo clásico, temáticas históricas e mitolóxicas).

3.1.2. Compositores

Os principais compositores desta época que estableceron a cidade de Viena como centro neurálxico da música europea foron:

- **Austria:** Joseph Haydn e Wolfgang Amadeus Mozart
- **Alemaña:** Ludwig van Beethoven (na súa primeira etapa) e Christoph Willibald Gluck
- **Italia:** Antonio Salieri

4. Zoa o vento

4.1. O Renacemento

A palabra Renacemento provén de “renacer”. Nesta época entre 1450 e 1600 a música europea puxo en valor o rexurdimento da cultura da antiga Grecia e Roma (grecolatina).

As características principais da música foron:

- As composicións tornáronse máis expresivas que na música medieval.
- As pezas musicais fusionan as liñas melódicas no canto de producir contrastes entre elas.
- Na música eclesiástica compuxéronse misas, motetes, e himnos.
- Na música laica (non relixiosa) cultívanse as cancións, triunfa entre elas o madrigal; as danzas como pавanas e gallardas e tamén pezas instrumentais como variacións e canzonas.

4.1.1. Contexto social

Nace en Italia e despraza a concepción de deus como centro situando agora ao home (humanismo).

Prodúcese a separación entre igrexa e estado. Remata a sociedade feudal e o poder concéntrase nos reis. Emerxe a burguesía.

Prodúcese o descubrimento de América.

Avances científicos:

- Nicolao Copérnico: o sol é o centro e a terra xira arredor.
- Galileo Galilei: lei da inercia.
- René Descartes: xeometría analítica.

- Andreas Vesalio: base da anatomía moderna.
- Isaac Newton: leis do movemento.

Artistas como Miguel Ángel e Leonardo da Vinci.

4.1.2. Compositores

- **Francia:** Josquin Des Prez e Guillaume Dufay.
- **Italia:** Giovanni Pierluigi da Palestrina e Claudio Monteverdi.
- **España:** Juan del Enzina e Tomás Luis de Victoria.

5. Brétema

5.1. Idade Media

Como podes comprobar, o conto que liches fala de toda unha serie de termos asociados á música medieval, en concreto, ao canto gregoriano. Estas son as súas características:

- É un canto monódico, a capella, en latín, e cun ritmo libre que se adecúa ao texto.
- Tamén é un canto de carácter relixioso, interpretado por homes nos tempos antigos.
- As melodías están basadas nos oito modos gregorianos (estilos musicais que se usaban na música relixiosa) e acostuman a usar grados conxuntos (notas que están unha xunto á outra) con poucos saltos.
- Empregan unha notación moi diferente da actual. Utilizan o tetragrama, conxunto de 4 liñas onde se escribía a música antiga.
- Abundan os melismas, recursos que se empregan para cantar moitas notas sobre unha soa sílaba dunha palabra.
- Tamén están presentes os neumas, símbolos musicais antigos cadrados ou romboides, as primeiras figuras musicais.

5.1.1. Contexto social

O canto gregoriano naceu na Idade Media como música relixiosa propia da Igrexa católica. Era cantado polos monxes nos mosteiros e usábase nas misas e oracións. A sociedade medieval estaba moi marcada pola relixión, e a maior parte da música era sacra (relixiosa), composta e interpretada dentro da Igrexa. A música profana (non relixiosa) tamén existía, sobre todo nas cortes e nas vilas, interpretada por trovadores, xogres e músicos ambulantes.

A notación musical comezou a desenvolverse neste período para conservar as melodías. A maioría da xente non sabía ler música, así que aprendíana de oído.

Aínda que foi unha etapa de escurantismo, xa que a cultura estaba ao servizo da Igrexa e poucas persoas tiñan acceso ao saber, os monxes dos mosteiros conservaron e transmitiron moitos coñecementos importantes copiando libros a man.

No relativo a outras artes, o Mestre Mateo foi un gran artista e escultor da Idade Media. Viviu no século XII e é o autor do Pórtico da Gloria, unha parte moi importante da nosa Catedral de Santiago de Compostela.

5.1.2. Compositores

- **Alemaña:** Hildegarda de Bingen.
- **Francia:** Léonin, Pérotin e Guillaume de Machaut
- **Italia:** Francesco Landini e Guido d'Arezzo
- **España, Galiza:** Alfonso X "O Sabio"

6. Asoma o arco da vella

6.1. A música do S.XX

A música académica do S. XX abrangue un período de grande transformación e innovación. Nesta época, os compositores e compositoras romperon coas regras tradicionais e buscaron innovar e experimentar con novas técnicas, estruturas e estilos..

As características principais da música foron:

- Diversidade e técnicas experimentais en estilos coma o dodecafonismo (os músicos usan todas as 12 notas da música sen repetir ningunha ata usalas todas), o

atonalismo (tipo de música que non ten unha nota principal que soe máis importante ca as outras) e a música aleatoria.

- Ruptura co sistema tonal tradicional, explorando novas formas de organización sonora. A música soa rara, divertida ou sorprendente.
- Adición da tecnoloxía electrónica e medios audiovisuais en xéneros e estilos mesturados libremente, empregándose elementos do folclore, do jazz, da música popular e doutras culturas do mundo.

6.1.1. Contexto social

A música académica do S. XX desenvolveuse nun contexto de profundos cambios sociais: dúas guerras mundiais, avances científicos e tecnolóxicos, e a globalización tanto económica coma cultural. Prodúcese unha ruptura co pasado e búscanse novas formas de expresión musical, reflexo dun mundo en constante transformación.

Durante o século XX, nas demais artes tamén xurdiron movementos innovadores e rupturistas. Algúns dos principais representantes foron:

- Pintura: Pablo Picasso, Salvador Dalí, Jackson Pollock.
- Literatura: Franz Kafka, Virginia Woolf, Gabriel García Márquez.
- Arquitectura: Le Corbusier, Gaudí.
- Cine: Charles Chaplin, Alfred Hitchcock.

6.1.2. Compositores

- **Alemaña:** Arnold Schoenberg
- **Austria:** Anton Webern e Alban Berg (alumnos de Schoenberg, Segunda Escola de Viena)
- **Francia:** Claude Debussy e Maurice Ravel
- **Rusia:** Igor Stravinsky e Sergei Prokofiev
- **España:** Manuel de Falla e Joaquín Rodrigo
- **Arxentina:** Astor Piazzolla



“Anda o tempo revolto”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)